




Excmo. Concello de Tui

Centro municipal de formación. Concello de Tui
Avelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



AXUDAS - SUBVENCIÓNS- FORMACIÓN - BECAS (PUBLICADAS NOS BOLETÍNS OFICIAIS)



SEMANA do 29 de XANEIRO ao 4 de FEBREIRO de 2018

Luns, 29 de xaneiro de 2018

Investimentos en Actividades non Agrícolas

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das **subvencións para proxectos de investimento en actividades non agrícolas**, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o período 2018-2019. [DOGA](#)

Industria 4.0

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) que aproba as **bases reguladoras das axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas** (programa Re-accionaTIC), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva. [DOGA](#)

Martes, 30 de xaneiro de 2018

Turismo

Bolsas formación

RESOLUCIÓN do 11 de xaneiro de 2018 pola que se regulan as bases para a concesión de **bolsas de formación práctica en diversas áreas durante os anos 2018 e 2019**, e se procede á súa convocatoria. [DOGA](#)

Enerxías renovables

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a **convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. [DOGA](#)

Enerxías renovables

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das **subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables destinadas a particulares** e cofinanciadas parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2018 e se procede á selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións (IN421H, IN421I). [DOGA](#)

Xestión, aforro e


Eficiencia enerxética

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de **subvencións para a realización de auditorías enerxéticas**,



Excmo. Concello de Tui

Centro municipal de formación. Concello de Tui
Avelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria, servizos e agrícola primario, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código IN417Y). [DOGA](#)

Mércores, 31 de xaneiro de 2018

Pagamento por

Fillos menores 3 anos

ORDE do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2018 (código de procedemento BS410A). [DOGA](#)

Turismo. Subvencións

Pequenos operadores

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións á cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2018. [DOGA](#)

Premios Camiño

Santiago

RESOLUCIÓN do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios Camiño de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. [DOGA](#)

Premios Galicia

Parabéns

RESOLUCIÓN do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios Galicia Parabéns e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019. [DOGA](#)

Xoves, 1 de febreiro de 2018

Comercio e artesanía

Expansión

ORDE do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para proxectos de expansión comercial e novas fórmulas de comercialización no sector comercial e artesanal, e se convocan para o ano 2018 (código de procedemento IN228A). [DOGA](#)

Comercio e artesanía


Dixitalización

ORDE do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a dixitalización e modernización de empresas comerciais e artesanais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN201H). [DOGA](#)



Excmo. Concello de Tui

Centro municipal de formación. Concello de Tui
Avelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



Artesanía.

Comercialización

ORDE do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das **subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán**, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN201G). [DOGA](#)

Venres, 2 de febreiro de 2018

Contratación de

Persoal

ORDE do 22 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras do **Programa de incentivos á contratación na empresa ordinaria**, e se convocan para o ano 2018. [DOGA](#)

Formación de

Traballadores

ORDE do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen **as bases reguladoras do Programa de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas**, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á primeira convocatoria. [DOGA](#)

Gando. Sacrificio

Obrigatorio

ORDE do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as **bases reguladoras para a concesión de axudas de compensacións complementarias e axudas para a reposición dos animais en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas oficiais de erradicación de enfermidades**, e se convocan para o ano 2018. [DOGA](#)

Estratexia RIS3

RESOLUCIÓN do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as **bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fortalecemento dos centros de xeración de coñecemento aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificadas na Estratexia RIS3 de Galicia**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN607E). [DOGA](#)